

BANDO

BENESTAR A TRAVÉS DE TALASOTERAPIA 2019

Informase ás veciñas e veciños que a Consellería de Política Social ven de abrir o prazo de solicitude para o Programa “Benestar a través da Talasoterapia” 2019.

Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou pensionista maior de 55 anos
- Residir e ter empadramento na CA de Galicia
- Valerse por si mesma/o para as actividades da vida diaria
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa, nin trastornos mentais condutuais non compensados, que poidan alterar a normal convivencia
- Precisar os tratamentos termais solicitados

A persoa solicitante poderá ir acompañada da súa ou do seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente

Tamén poderán participar as/os fillas/os ou persoas tuteladas polas persoas solicitantes que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que non precisen de apoio de terceira persoa e se despracen con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpran os requisitos citados anteriormente

Datas:

Quendas de 6 días (5 noites) entre os meses de maio e outubro

Perezo

201,00€/praza

Servizos incluídos:

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- Acceso diario ao circuito mariño
- Póliza colectiva de seguro turístico

Instalacións:

Hotel Talaso Louxo en A Toxa (PO), Hotel Talaso Altántico en Oia (PO) e Hotel Talaso en Viveiro (LU)

Documentación:

- Solicitude, na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto da persoa solicitante como da/o cónxuxe ou acompañante cando proceda.
 - Fotocopia do DNI da persoa solicitante e da/o cónxuxe ou acompañante se procede
 - Copia do libro de familia ou do documento acreditativo da tutela, no caso de que a persoa solicitante queira acudir ao programa acompañada dun/dunha fillo/a ou tutelado/a
 - Declaración responsable do estado de saúde da/o solicitante e a do cónxuxe ou acompañante se procede, no apartado incluído na solicitude.
 - Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período en que se presente a solicitude
 - Certificado do grao de discapacidade do/da fillo/a ou tutelado/a pola persoa solicitante
- No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo destino e quenda, presentarán unha única solicitude, para a súa baremación conxunta.

Prazo de Solicitude:

ata o 2 de MAIO

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 14 horas, e martes e venres de 9 a 14 horas** (TEL. 986564409, email: ssociais@pontecesures.org).

Pontecesures, 2 de abril de 2019

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage